

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de marzo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día nove de marzo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(159).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de febreiro , extraordinarias e urxentes do 24 e 28 de febreiro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(160).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a)Expte. nº 10144-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 474/2016 PA. Demandante: D. EDUARDO IGLESIAS ALVAREZ. Obxecto:Resolución do TEA do Concello de Vigo do 07/09/2016 -Rectificación

autoliquidación urbana IIVTNU (Exptes: 4247/550, 29184/514). Desestimado o recurso.

b) Expte. nº 10126-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 475/2016 PA. Demandante: D JUAN MANUEL PORTAS OLIVEIRA. Obxecto: Resolución do 09/08/2016. Sanción tráfico, exceso de velocidade Avda. Madrid (Expediente 168636464). Estimado o recurso.

c) Expte. nº 10120-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 460/2016 PA. Demandante: D ALBERTO VIÑA GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución do 22/07/2016, responsabilidade patrimonial administrativa, danos en vehículo o 24-09-2015 (desbrozado- Expte. 4955/243). Estimado o recurso.

d) Expte. nº 10174-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 506/2016 PA. Demandante: CUM LAUDE ABOGADOS SL. Obxecto: Resolución de 12/09/2016. Sanción Tráfico (Expte. Nº 158644201). Desestimado o recurso.

e) Expte. nº 9880-111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 587/2016. Demandante: SONIA VIÑAS HERNÁNDEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades por desenvolvemento de funcións de superior categoría. Estimada parcialmente a demanda.

f) Expte. nº 9954-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo (Reforzo) rectificada por Auto nº 14 do 14/02/17. Procedemento Ordinario nº 729/2016. Demandante: D. EMILIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesióndo contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7/10/2016). Estimada en parte a demanda. Absolve ao Concello.

g) Expte. nº 9953-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo (Reforzo) rectificada por Auto nº 13 de 14/02/17. Procedemento Ordinario nº 728/2016. Demandante: D. DIEGO OLIVEIRA CARIDE. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada en parte a demanda. Absolve ao Concello.

h) Expte. nº 9952-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 727/2016. Demandante: D^a MARÍA CARMEN NIETO UCHA. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

i) Expte. nº 9951-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 726/2016. Demandante: D^a CRISTINA FLORES MARTÍNEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

k) Expte. nº 9923-111. Auto do X.do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 740/2016. Demandante: D^a MARÍA PAZ SARIEGO PELLO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). O Auto declara o desestimento da actora.

l) Expte. nº 9968-111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 761/2016. Demandante: D^a CELIA RODRÍGUEZ TOUCEDO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente. Absolve ao Concello.

m) Expte. nº 9967-111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 760/2016. Demandante: D^a MÓNICA ÁLVAREZ YÁÑEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

o) Expte. nº 9966-111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 758/2016. Demandante: D^a JULIA RÚA ALONSO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

p) Expte. nº 9965-111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 757/2016. Demandante: D^a DOLORES OTTO DANTAS. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

q) Expte. nº 9963-111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 755/2016. Demandante: D^a DOLORES SEARA FERRO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

r) Expte. nº 9962-111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 754/2016. Demandante: D^a MARÍA BEGOÑA ALONSO CABREIRA. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

s) Expte. nº 9961-111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 752/2016. Demandante: D^a BEATRIZ BUJÁN GONZÁLEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

t) Expte. nº 9960-111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 747/2016. Demandante: D. FRANK ALBERTO FERNÁNDEZ PANACUAL. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

u) Expte. nº 9959-111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 746/2016. Demandante: D^a MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ALEJANDRO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

v) Expte. nº 9964-111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 756/2016. Demandante: D^a BEATRIZ SÁNCHEZ CHANTADA. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

w) Expte. nº 10161-111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 479/2016 PA. Demandante: D^a ROCÍO LAGO CARRERA. Obxecto: Resolución do 30-8-2016. Reasignación de efectivos do laboratorio municipal (Expte. nº 28572-220) Desestimado do demandante.

x) Expte. nº 10162-111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 482/2016 PA. Demandante: D. EUGENIO COSTAS RIVEIRO. Obxecto: Resolución do 30/8/2016. Reasignación de efectivos do laboratorio municipal (Expediente nº 28572-220). Desestimado do demandante.

y) Expte. nº 10168-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 505/2016 PA. Demandante: D^a ESTHER MATO MENDEZ. Obxecto: Resolución do 9/8/2016. Sanción tráfico, exceso de velocidade (Expte. nº 168634259). Desestimado o recurso.

z) Expte. nº 10188-111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 510/2016 PA. Demandante: D. ANTONIO VAZQUEZ JIMENEZ. Obxecto: Resolución do 12-9-2016. Sanción tráfico, exceso de velocidade (Expte. nº 168608492). Desestimado o recurso.

aa) Expte. nº 10039-111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 698/2016. Demandante: D^a AMPARO BARCIELA LAMAZARES. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo

de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolve ao Concello.

ab) Expte. nº 10201-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra. RC-A nº 519/2016 PA. Demandante: D. MANUEL GONZÁLEZ IGLESIAS. Obxecto: Resolución (15/06/2016). Sanción Tráfico, estacionamento reservado para discapacitados. (Expte.168631581). Estimado o recurso.

ac) Expte.nº 10160-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A n.º 455/2016 PA. Demandante:Dª M.ª ASUNCIÓN BAAMONDE RODRÍGUEZ. Obxecto:Resolución do12/9/2016. Sanción tráfico, estacionamento na beirarrúa (Expte.n.º 16005049) Desestimado o recurso.

ad) Expte. nº 10176-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A n.º 490/2016 PA. Demandante: ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA. E DOUS PARTICULARES. Obxecto:Resolución do 12/9/2016. Reclamación patrimonial administrativa, accidente de moto na Travesía de Vigo (Expte. nº 4926-423) Desestimado o recurso.

ae) Expte. nº 10191- 111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no RC-A nº 516/2016 PA. Demandante: SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA. Obxecto: “Decreto” do 24/09/2016. Exercicio dereito voto eleccións do 25/09/2016, Policía Municipal. Desestimado o recurso.

af) Expte. nº 10208-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra. RC-A nº 518/2016 PA. Demandante: D. ABRAHAM GONZÁLEZ ACEA. Obxecto: Resolución do 24/09/2016. Exercicio de dereito ao voto nas eleccións do 25/09/2016 na Policía Muncipal. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(161).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA CANCELACIÓN DE HIPOTECA E CONSTITUCIÓN UNHA NOVA SOBRE A CONCESIÓN DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE TRES APARCADOIROS DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES SITOS NA PRAZA DE PORTUGAL, FERNANDO EL CATÓLICO, RÚA VENEZUELA E RÚA CORUÑA. EXPTE. 5825/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/03/17, dáse conta do informe de data 02/03/17, asinado pola xefa do servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei Hipotecaria, Texto Refundido aprobado por Decreto de 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Decreto de 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH).
- Prego de Bases de Condicións Xurídicas, Técnicas e Económicas para o concurso público de adxudicación en réxime de concesión, da construción e explotación de tres estacionamentos para vehículos automóbiles, situados na praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña aprobado por acordos do Pleno do concello de Vigo de 30-11-1987 e 20-01-1988(PCAP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, que aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de decembro de 1988, o Pleno do Concello de Vigo, acordou adxudicar a entidade VIGO PARKING, S.A., o concurso de construción e explotación de aparcamentos subterráneos na praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña desta cidade.

Segundo.- En data 14 de marzo de 2011, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante XGL), en sesión ordinaria, acordou autorizar a cesión a favor da sociedade APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA, S.L., da concesión para construción e explotación de tres estacionamentos para vehículos automóbiles, situados na praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña desta cidade que lle foi adxudicado por Auto xudicial de data 17 de xuño do 2010 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia nº 9 de Vigo, de acordo e con plena suxeición ao prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas que o rexe.

Terceiro.- En data 15 de xullo de 2011, a XGL acordou autorizar á APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA, S.L., a constitución de hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada que constituíu primeira hipoteca a favor da entidade CAJA DE AHORROS DEL MEDITERRANEO (hoxe denominada BANCO DE SABADELL S.A.), gravando a concesión cun importe de 7.000.000 euros.

Cuarto.- En datas 2 de novembro de 2016 e 6 de febreiro de 2017, D. Alvaro Busca Martín-Sanz, en nome e representación de APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA, S.L., presenta sendos escritos no Rexistro Xeral deste Concello, solicitando autorización do órgano de contratación para cancelar a citada hipoteca e constituír unha nova que grave a concesión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da hipoteca da concesión administrativa

A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional. Ostenta respecto ás mesmas os dereitos e obrigacións do propietario, con suxeición ós límites fixados na LPAP e durante o prazo de validez da concesión (artigo 97 LPAP).

A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos (artigo 98.2 LPAP):

1. So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.
2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.
3. As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional.

Nesta liña, o PCAP consigna o dereito do concesionario de hipotecar a concesión administrativa outorgada ó recoller, entre as facultades da administración municipal, a de autorizar a constitución de hipoteca sobre a concesión (artigo 3-4). O único requisito esixido é que medie a previa petición do concesionario, e se establece a limitación de que a cancelación da hipoteca se realice cinco anos antes da finalización do prazo concesional. Asemade, o concesionario deberá inscribir no Rexistro da propiedade a hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión (artigos 60 e 61 RH).

-II-

Da cancelación da hipoteca que grava a concesión e da constitución dunha nova

O concesionario solicita autorización ao órgano de contratación para cancelar a hipoteca que grava na actualidade a concesión, e constituír unha nova por importe de 7.000.000 de euros.

Para poder autorizar a cancelación da hipoteca e a constitución dunha nova é preciso que concorran os requisitos esixidos pola lexislación vixente para a constitución da hipoteca citados nos parágrafos anteriores.

Tendo en conta as seguintes circunstancias concurrentes:

- Que tanto a lexislación vixente como o PCAP que rexe a concesión permiten a constitución de hipoteca sobre o dereito de concesión.
- Que o prazo da nova hipoteca é de 12 anos, finalizando no ano 2029. Dado que a presente concesión remata o día 22-11-2040, cúmprese a condición de que o prazo da hipoteca remate cinco anos antes da finalización do prazo concesional.

A xuízo da informante, se cumpren os requisitos esixidos para poder autorizar a hipoteca.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA, S.L., a cancelación da hipoteca constituída a favor de BANCO DE SABADELL S.A. sobre a concesión para a construción e explotación de tres estacionamentos para vehículos automóbiles, situados na praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, da que é titular.

2º.- Autorizar á APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA, S.L., a constitución dunha hipoteca sobre a concesión para construción e explotación de tres estacionamentos para vehículos automóbiles, situados na praza de Fernando el Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, da que é titular, condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1. O dereito real de concesión so poderá constituírse sobre o dereito de concesión.*
- 2. Inscribir no Rexistro da propiedade a novación da hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión.*
- 3. A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional.*
- 4. Previamente a concesión da nova hipoteca deberá cancelarse a actual hipoteca mencionada no apartado 1º do presente acordo.*

3º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia das escrituras públicas de cancelación e constitución de hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento das devanditas escrituras públicas.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(162).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VII CROSS MONTERREY” O DOMINGO 12 DE MARZO DE 2017. EXPTE. 15698/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/03/17, asinado polo coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Colexio Monterrey, co CIF (B-36610566), solicitou o día 17-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc.160156168), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: VII CROSS MONTERREY*
- *Data: 12 de marzo de 2017*
- *Horario: DE 10.00H A 13,30H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 12 de marzo de 2017. A proba comezará ás 10.00h, cunha duración aproximada de tres horas. Esta proba terá o percorrido seguinte: saída do colexio para seguir pola rúa Montecelo e Travesía de Vigo, para rematar no mesmo colexio.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Colexio Monterrey, co CIF (B-36610566), a organizar a proba deportiva denominada VII CROSS MONTERREY, o vindeiro domingo 12 de marzo de 2017, a proba comezará ás 10.00h e rematará ás 13.30h. Terá a súa saída dende o colexio para seguir pola rúa Montecelo e Travesía de Vigo e rematar no colexio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(163).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “VIGO BIKE CONTEST ENDURO” O DOMINGO 12 DE MARZO DE 2017. EXPTE. 15697/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07/03/17, asinado polo coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Singletrack Outdoor Sports, co CIF (G-36850378), solicitou o día 18-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc.160156674), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: XVIII VIGOBIKE CONTEST ENDURO*
- *Data: 12 de marzo de 2017*
- *Horario: DE 09.00H A 14.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 12 de marzo de 2017, a proba comezará ás 09.00 e rematará ás 14.00h. Esta proba levarase a cabo dende o Torreiro de San Sebastián para seguir polos montes de Coruxo, San Miguel, Saiáns, Priegue, Camos e Chandebrito.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*
- *Certificado da Comunidade de Montes de Coruxo.*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar Singletrack Outdoor Sports, co CIF (G-36850378) a organizar a proba deportiva denominada XVIII VIGOBIKECONTEST ENDURO, o vindeiro domingo 12 de marzo de 2017, a proba comezará ás 09.00 e rematará ás 14.00h. Esta proba levarase a cabo dende o Torreiro de San Sebastián para seguir polos montes de Coruxo, San Miguel, Saiáns, Priegue, Camos e Chandebrito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(164).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REFORMA DA ESTRUTURA E PAVIMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DO MONTE DA MINA-CASTRELOS”. EXPTE. 15796/333.

Visto o informe de fiscalización do 6/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 02/03/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, recolle dentro do programa “3420 Instalacións Deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.03 “Investimentos mellora pav. Monte da Mina”.
2. Para levar a cabo esta actuación o concelleiro-delegado de Deportes, por resolución de data 23/11/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 7.865,00 euros, para a redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323). (expte 15589/333)
3. O proxecto presentado pola mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323) e anexado ao presente expediente, foi redactado en data decembro de 2016, polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, coa denominación de “PROXECTO DE REFORMA ESTRUTURA E PAVIMENTO DO PAVILLÓN A MINA-CASTRELOS” e ten un orzamento base de licitación, IVE engadido, de DOUSCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL CENTRO OITENTA E DOUS EUROS (259.182 €).
4. Os arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal, con data 06/02/2017, informan o seguinte:
“OBXETO DO PROXECTO: o “PROXECTO DE REFORMA DE ESTRUCTURA E PAVIMENTO NO PAVILLÓN A MINA -CASTRELOS” contempla a realización de obras precisas para a subsanación de deficiencias severas detectadas na instalación, consistentes no afundimento parcial do forxado que sustenta a pista de xogo e dos pilares centrais da fachada Oeste. Plantéxase unha solución de recalce estrutural mediante liñas de micropilotes nas vigas que sustentan a zona afectada, así coma nas zapatas dos

pilares centrais da fachada Oeste.

Posteriormente se procederá á reconstrucción da fachada afectada pola intervención e á instalación dun pavimento deportivo aeroelástico, que posibilitará acadar a planeidade e condicións axeitadas con independencia das deformacións da base actual. Por último, se contempla a mellora na recollida de augas pluviais, a substitución de materiais nos treitos de fachada traslúcidos xa que os existentes presentan un elevado deterioro e diversas actuacións de pintado e mellora do aspecto xeral do edificio na súa envolvente exterior.

O equipamento presenta problemas semellantes noutras zonas do edificio e precisa ademais da execución doutro tipo de obras (construcción dun almacén a nivel de pista, substitución da escaleira de caracol de evacuación, reparación de fendas existentes no nivel de planta baixa de vestiarios, sectorización do cuarto no que se atopa o depósito de combustible, etc).

O conxunto de necesidades que se precisan resolver no edificio e que non se atopan recollidas neste proxecto terán que ser obxecto dun proxecto e contratación independente xa que no seu conxunto son obras que, polo seu importe económico, non teñen cabida neste proxecto.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS:

- Planeamento Vixente: PXOU do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 29/04/1993.

- Clasificación urbanística: Solo Urbano do núcleo 6.11 COSTA C, con Ordenanza 3.1/3.2/3.3 de Zonas Verdes/Deportivas/Culturais. As obras plantexadas non alteran as características morfolóxicas do edificio nin supoñen incremento dos parámetros de edificabilidade ou volume, polo que son autorizables e axustadas ás condicións esixibles.

OBRAS A INCLUIR NO PROXECTO:

Tra-la revisión das obras incluídas no proxecto e comprobadas ás necesidades existentes no edificio solicitouse aos redactores do proxecto a inclusión no mesmo das seguintes obras sen variación do presuposto total do proxecto: Concello de Vigo

- Derruba e reconstrucción do tramo de muro existente na fachada principal (fachada norte), na zona entre os dous tramos de escaleira exterior, que se atopa completamente solto e con risco de derrumbe.

- Execución dunha obra específica de nivelado da pista, cuestión que se indicaba na memoria pero que non se recollía nas partidas do presuposto.

- Instalar o novo pavimento na totalidade da pista, incluíndo a superficie da pista no perímetro exterior do valado metálico. Isto suporá reconsidera-lo anclaxe deste valado metálico plantexando un detalle construtivo que permita atravesalo novo pavimento de madeira ata executa-lo anclaxe no forxado de formigón.

- Execución dunha dobre porta no valado do lateral oeste da pista para posibilitar que poidan sacar as porterías pola porta de saída da devandita fachada oeste.

- Execución de chanzos de acceso dende o novo nivel da pista de madeira ata a primeira grada.

- Pechar superiormente o recinto no que se atopa a caldeira e instalar unha porta resistente ao lume co obxecto de conquistar a estanqueidade ao lume en caso de incendio esixida pola normativa.

- Desmonta-la dobre porta de chapa vermella que separa a pista da escaleira de acceso á mesma dende os vestiarios así coma os carrís superior e inferior.

- Incluír unha partida de Tonelada de cemento inxectado en exceso xa que nos traballos de micropilotaxe xurden condicións variables do subsolo segundo as zonas de actuación.

Os redactores do proxecto incluíron no orzamento de proxecto a totalidade destas obras agás a execución do novo pavimento na totalidade da pista xa que existen problemas na execución das ramplas de conexión entre o novo nivel da pista polideportiva e o vestíbulo da escaleira de conexión cos vestiarios pola existencia de portas moi próximas que condicionan o desenvolvemento da devandita rampla.

CONCLUSIÓN

Tra-las correccións enviadas polos redactores do proxecto consideramos que pode informarse favorablemente o proxecto xa que, atendendo ás posibilidades orzamentarias, contempla a execución das obras necesarias para o equipamento”.

5.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos. Inspección Técnica de Obras e asistencia municipal, D. Aurelio Adán Fernández, emite *informe facultativo favorable con data 23/02/2017 (cómpre ter en conta que a contía do proxecto é inferior a 500.000 € e a actuación a desenvolver non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra), aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo, con indicación expresa de que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro.*

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, previo informe de fiscalización, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o PROXECTO DE REFORMA DA ESTRUTURA E PAVIMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DO MONTE DA MINA-CASTRELOS, presentado pola mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323), que foi redactado en decembro de 2016, polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, e que conta cun un orzamento base de licitación, IVE engadido, de DOUSCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL CENTRO OITENTA E DOUS EUROS (259.182 €) e ten un prazo estimado para a execución das obras de 4 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(165).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2017. EXPTE. 6864/335.

Dáse conta da proposta de data 2/03/17, asinada pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de febreiro de 2017.

Expte: 6847/335. CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN DUN PLAN DE AUTOPROTECCIÓN PARA AS ACTIVIDADES DO ENTROIDO

Decreto concelleira data: 10/02/2017

Informe Intervención: RCM 10617

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 3.751,00 EUROS

Expte: 6850/335. CONTRATACIÓN DO PREGÓN E DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA LA EDAD DE ORO DEL POP ESPAÑOL CON MOTIVO DO ENTROIDO

Decreto concelleira data: 13/02/2017

Informe Intervención: RCM 10910

Adxudicatario: TIRITITANGO SIGLO XXI SLU

Importe total: 9.559,00 EUROS

Expte: 6852/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE SIDONIE CON MOTIVO DO ENTROIDO

Decreto concelleira data: 13/02/2017

Informe Intervención: RCM 10911

Adxudicatario: GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY SL

Importe total: 19.360,00 EUROS

Expte: 6855/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DUN ESCENARIO NA PORTA DO SOL PARA O PREGÓN E CONCERTOS DO ENTROIDO

Decreto concelleira data: 20/02/2017

Informe Intervención: RCM 17040

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 15.881,11 EUROS

Expte: 6857/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA III CARREIRA POPULAR DO ENTROIDO

Decreto concelleira data: 24/02/2017

Informe Intervención: RCM 20874

Adxudicatario: XESTIÓN COMERCIAL DE MERCADOS RETALLISTAS SL

Importe total: 11.750,31 EUROS

Expte: 6858/335. CONTRATACIÓN DA RETRANSMISIÓN TELEVISIVA DO DESFILE DE COMPARSAS DO ENTROIDO

Decreto concelleira data: 24/02/2017

Informe Intervención: RCM 20875

Adxudicatario: INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SL

Importe total: 14.489,71 EUROS

Expte: 6860/335. CONTRATACIÓN DA DIFUSIÓN EN RADIO E PRENSA DAS ACTIVIDADES DO ENTROIDO

Decreto concelleira data: 24/02/2017

Informe Intervención: RCM 20876

Adxudicatario: RADIO VIGO SAU e OUTROS SETE PROVEDORES

Importe total: 21.000,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(166).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2017. EXPTE. 7590/224.

Dáse conta da proposta de data 6/03/17, asinada pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de febreiro do ano 2017.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
--------	------	--------	---------------	-------------------------	--------------	---------

7576-224	CMSE	Módulo de Igualdade do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Cristina Rodríguez Ramos	23112260600	22/02/17	432,00 €
7577-224	CMSE	Módulo de Igualdade do programa "Ser Muller é unha boa idea"	M ^a Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	22/02/17	432,00 €
7558-224	CMSE	Realización da exposición "Con A de Astrónomas"	Explora Proyectos SL	23112279906	17/02/17	6.110,50 €
7545-224	CMOB	Sustitución carpintería exterior no Centro de Emerxencias	MARS SLU	23116320000	01/02/17	15.592,67 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(167).- PROPOSTA DE PRÓRROGA EXCEPCIONAL NA CESIÓN DE VIVENDA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA CO CÓDIGO Nº E-638-C-7 (ANTES F-00473-C-007). EXPTE. 7124/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/03/17, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, o secretario de Admón. Municipal e a concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

O día 15 de marzo de 2016 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI número 44093571H, vítima de violencia de xénero e acollida no *Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero*, xunto coa súa filla menor de idade, desde o día 8 de marzo de 2016, e se reflicte a necesidade de procurarlle un recurso alternativo de acollemento temporal a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido e conformado polos servizos municipais de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou a necesidade de que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada co número F-00473-C-007 (identificación actual: E-638-C-7), co obxecto de que a usuaria identificada con DNI número 44093571H, xunto coa súa filla, a ocupase por un período de 6 meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/03/2016.

Desde o día 18 de marzo de 2016 dita usuaria e a súa filla menor, permanecen acollidas temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento emitido en data 9 de setembro de 2016 polo equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal por un período non superior a seis meses, namentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2016.

En data 27/02/2017 o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe solicitando un período de prórroga excepcional de tres meses para a unidade familiar, a teor da situación socio-familiar da beneficiaria. No informe valórase a importancia de prorrogar excepcionalmente a súa estancia na vivenda de protección municipal por un período non superior a tres meses, namentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar un período de prórroga excepcional na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 (antes F-00473-C-007) por un período máximo de tres meses de duración a contar desde o día 18 de marzo de 2017 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7124/224.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(168).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DUNHA TÉCNICA MEDIA DE IGUALDADE CON CARGO A PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2010-2011, 2ª FASE. EXPTE. 29120/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/03/17, dáse conta do informe-proposta do 27/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de técnico/a medio/a de igualdade pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011 2ª fase, na súa sesión de 10 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da seguinte aspirante seleccionada, que superou todas as probas do proceso selectivo:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
SOTO GARCÍA	Mª MAR	36140799W	28,237

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

Non obstante, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) interpúxose por parte de Dª. Ana García Barrio (DNI nº 35.319.238-R) recurso de alzada contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo e se acordou someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta de nomeamento como funcionaria para a praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE á aspirante nº 61, Dª. Mª del Mar Soto García. No referido recurso solicita que se estime e se declare a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade do acto recorrido, coas consecuencias que se relacionan na súa solicitude. Solicítase igualmente, ó abeiro do Art. 117 da L.39/2015, do 1 de outubro,

de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP), “la suspensión de la Ejecución del nombramiento en el proceso selectivo ahora impugnado”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23/02/2017, acordou desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) por D^a. Ana García Barrio, DNI 35.319.238-R contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo correspondente á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011), a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 06.02.2017.

En consecuencia e, de conformidade co previsto no art. 127.1 g) e h), da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, o funcionario que subscribe, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo a praza vacante de técnico/a medio/a de igualdade pola quenda libre, á seguinte aspirante proposta polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e que obtivo a seguinte puntuación:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
SOTO GARCÍA	M ^a MAR	36140799W	28,237

De conformidade co previsto na Base 16^a das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese a interesada, a Intervención Xeral, a Área de Recursos Humanos e Formación (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e Xefa do Servizo de Igualdade”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(169).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 9636/407.

Dáse conta do informe-proposta do 01/03/17, da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En datas 16 de xaneiro de 2013 e 27 de xaneiro de 2014 o Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo impuxo a dona Francisca Lemos Pais sendas multas coercitivas de 300 euros e 600 euros, respectivamente.

Dado que non foron pagadas no período voluntario establecido ao efecto, remitíronse á Tesourería municipal para a súa recadación en vía executiva. En datas 2 de xaneiro e 3 de febreiro de 2015 emitíronse as providencias de apremio de cada unha das multas impostas.

En data 7 de febreiro de 2017 o Xulgado Contencioso-administrativo n.º 1 de Vigo ditou sentenza no procedemento abreviado 434/2016, estimando o recurso interposto por dona Francisca Vidal Lemos e anulando as providencias de apremio citadas.

Baséase dita sentenza no artigo 127 do RD 939/2005 polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación que establece que “falecido calquera obrigado ao pagamento dunha débeda, o procedemento de recadación continuará cos seus herdeiros e, no seu caso, legatarios, sen máis requisitos que a constancia do falecemento de aquel e a notificación ao sucesor do causante no momento do falecemento [...]. b) Se o falecemento do obrigado ao pagamento se produce antes da notificación da providencia de apremio, notificarase ao sucesor dita providencia. Se realiza o pagamento antes da notificación da providencia de apremio, se lle esixirá o recargo executivo.”

Estabelece a sentenza que “É claro que existiu neste caso unha descoordinación entre as dependencias municipais, porque, coñecida esta circunstancia da morte de quen aparecía como debedora, tería que haberse o cauce establecido no artigo 127 do Regulamento xeral de recadación, a fin de dirixir o procedemento recadatorio contra os sucesores.”

Procede, polo tanto, retrotraer o procedemento recadatorio, e ditar novas providencias de apremio a nome dos herdeiros de dona Francisca Lemos Pais, actuais propietarios do inmovible obxecto do expediente de orde de execución que deu lugar a imposición das multas coercitivas.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das multas coercitivas de 300,00 e 600,00 euros impostas o 16 de xaneiro de 2013 e o 27 de xaneiro de 2014 respectivamente no expediente de orde de execución de

obras nº 121/435, que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite as correspondentes providencias de apremio a nome dos sucesores de dona Francisca Lemos Pais, sendo estes:

- dona Francisca Vidal Lemos.
- dona Josefa Vidal Lemos.
- don Manuel Vidal Lemos.
- dona Mercedes Vidal Lemos.
- Herdeiros de don Antonio Vidal Lemos: Juan Antonio, Javier, Ana, Manuel e Miguel Vidal Gude.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(170).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez